



## **PREGÓN DAS FESTAS PATRONAIS DO BARCO DE VALDEORRAS**

*05 setembro de 1981*

*Praza Maior do Barco de Valdeorras*

Meus queridos irmáns valdeorreses e forasteiros:

Eiquí me tedes, vello de corpo e mozo de espírito, contento de vir a cumprir o mandado de pregoar as Festas Patronais do Barco de Valdeorras. Fai corenta e tantos anos lisquei de Valdeorras, deille sebo ás canelas; deixei as beiras do Sil e dispois de amarguezas vicisitudes naveguei polo Atlántico e fun ancorar na banda de acolá do Gulf Stream, nas terras da Nueva España, na “suave patria” mexicana tan irmán e tan lonxana da nosa. Aló, sen pretender emular ao marqués de Bradomín valleinclanesco Capitán Xeral dos Exércitos da Terra, quente e namorador da “niña Chole”, mergulleime no capitoso recender e gorentar do Trópico de Cáncer e recreáronse os meus ouvidos coas melodías e ritmos e coa dozura do falar daquelas terras, salferido de verbas aboríxenes, graciosos arcaísmos e garimosos diminutivos e seseos.

Por aló aniñei, mais sempre levei chantado no corazón, sen ter arela de arrincalo, o rosaliano cravo das saudosas lembranzas da terra onde nacín e onde decorreu a miña lonxana mocidade. E no meu ferido corazón compartillei o amor á vella e á nova España, á vella e á nova Galiza, ás chairas de Atemajao onde se asenta a capital neogalaica, meu lar de hoxe, e ao val dos Xigurren onde viñen ao mundo. As novas vivencias, o novo falar e os “corridos”, “sons”, “huanangos”, “rancheras” e “boleros” da terra moza, non borraron do meu pensamento as vellas vivencias, o vello falar e os vellos ritmos e melodías da miña benquerida vella terra. E eiquí ven moi a conto a letra dunha antiga cantarena dun carnaval ou entruido corrido nesta vila cando o agora vellancrán século vinte era un mociño das festas, que aínda non se metera en liortas, letra que uns beneméritos devanceiros vosos e meus compuxeran en galego e á que lle acomodaron a música dun valse de moda naquela emposta:

Viñemos onte do mar  
en lixeira embarcación,  
a pasar os carnavales  
na terra do noso amor.  
Pillounos unha borrasca  
rubindo polo riu Sil;  
chegando ó Porto da Barca  
houbemos de sucumbir.  
Nin na Guaina francesa,  
nin debaixo do Ecuador,  
muller como a Valdeorresa

non a atopamos millor;  
non hai gracia como a súa  
nin máis nobre corazón,  
as do Barco i as da Rúa,  
tein os ollos coma o sol,  
e solo tein un defeito,  
que tein un xenio mui bon...

(o cal - digo eu, non é defeito). E seguía o valse:

¡Lástima da,  
que esta terra se quede sin xente,  
e que tanta inxustiza  
fagan os que a gobernan...

Por aquí debía marchar a cousa. Mais por sorte falloume eiquí a memoria e digo por sorte porque non viñen hoxe a falar de políticas pretéritas, presentes ou futuras, senon de festas e foliadas.

“Mutatis mutandis”, atopo nesta cantarena moito material aproveitabel para este meu labor de arranxar o Pregón. Viñen, coma quen dí, onte, ralbei o mar para chegar a esta terra, que é a terra do meu amor e, sen treboia nin borrascas, gracias a Deus, eiquí me tedes agora, cabo do lendario Porto da Barca, xerme do Barco de arastora, para louvar esta fermosa Vila de Cordialidade que ben merecía millor louvador; para gabar este ledo e puxante Barco ancorado na banda soalleira do río Sil, fror dos ríos que ten lis-lirio- por anagrama, que é enófilo e pandigueiro e que para millor libar os nosos viños adquire en Quereño a cidadanía galega.

Para gabar esta terra de Valdeorras, “fértil y bella” de acordo coa autorizada opinión do licenciado Molina, sobranceiro andaluz namorado da nosa Galiza o mesmo que Castelar. García Lorca e outros egrexios andaluces, de acordo tamén coa miña modesta opinión e, sen dúbida, coa millor e maioritaria opinión vosa; para louvar esta terra que desminte coa súa exultante ledicia os tópicos de meigas, tristuras, ramos cativos e santas compañías, fuxidas deste val ao seren axotadas polo viño, baril escurrentador de meigallos e benévolo protector dos trasnos da bebedeira; esta terra de dionisiacos bacelos, de petrucios castiñeiros, de loureiros gratos a Apolo, de lameiros esmeraldinos e de louzanas cerdeiras; este paradisíaco xardín, gardado por lenes serranías de doces combas que semellan mozas afroditas a dormir en leitos de cantariñas, arroladas pola viola das xestas, polo murmurio musical dos “rumorosos” e pola pandeirada dos rigueiros; esta terra de paisaxes perfumadas, no inverno polo recendo das mimosas de urxente frorescer, na primaveira pola farna das vides, no verán polos carpazos e o cabrinfollo e no outono polo viño novo e os magostos... Viñen de pregoeiro a facerlles louvores a esta vila, a esta terra e, se non fora polo medo á vosa canseira, inda que sei que sodes benévolos ouvintes, esgotaría o vocabulario das gabanzas galegas e comporía coelas unha garimosa ladaíña e faríalle o brinde dela ao Barco, a Valdeorras e ás churrusqueiras mociñas desta vila e deste val, sen esquencer ás forasteiras.

Veciños do Barco e das ribeiras e bocarribeiras valdeorresas, forasteiros que vides de outras terras e que tedes a sorte de estar eiquí, no gasalleiro Barco e nesta leda emposta: Chegou o tempo do “troupele troupele”, chegou o tempo de “troupelear” mais non para mazar liño, senon para bater cos pes o chan ao son rebuldeiro das gaitas, orquestas e bandas. Veña pois o pandeiro a ruar, que estas son as mazarocas que hoxe tedes que fiar. Mais fagamos un pouso no folclore para recomendarlle ás mozas e mozos: cantade, bailade e reloucade ao xeito antigo da muiñeira e agarradiños; sexan valeses de xira, xira, pasodobres de corre, corre, mazurcas coleadas ou habaneras de ritmo quediño, moi axeitadas para “parrafearlles” ás carrapucheiriñas compañeiras do baile. Ou, como cumpre facerlle a todo e ir cós tempos para que non diga ninguén que non andamos á moda, bailade, se o desexades, ao xeito moderno de sincopados ritmos epileptoides, revoluciois de cadeiras e cadrís, choutar de peitos, muiñar de brazos e reloucar de conxas; ao xeito discotético e fílmico de voltas e vira e reviravoltas co trepidar de estordegantes travoltas, pois xa que a vida é curta que, “ars longa”, sexa longa a brincadeira. Démoslle comezo á festa cantando todos o “Ai ruíño, ai ruada, / vinde mozos e mozas á foliada”. Mais, primeiro, pregádelle ao Bon Xesús Nazareno, Señor e Patrón desta risoña e próspera vila, corazón e capital do risoño e prospérrimo Val-de-Orres, de Valdeorras, que trocáu o ouro do Sil polo ouro tostado e do godello, con grande ventaxa para a humanidade. Pregádelle, sin, ao Bon Xesús para que vos dea boandanza e saúde a eito e a mans cheas nestas festas que hoxe comezan e tamén en todo o decorrer das vosas vidas que vos desexo longas e cheas de felicidade.

Eu pregoeiro “in pártibus”, declaro, por orde do Excelentísimo Señor Alcalde e por mandado da Raíña Leticia, Imperanta da Brincadeira, aberto o tempo das Festas, da Troula e do Divertimento. Deséxovos, de todo corazón, que vos regaledes nestas xeiras de ledicia e brincadeira. E que hoxe nun ano volvades a regalarvos.

Póño fin a esta leria cunhas cantarenas do povo e dígolle ás nenas: Para cantar e bailar, / as mociñas de Valdeorras;/ para cantar e bailar/ son as millares de todas.

Dígolle, en tempo de muiñeira ao Santo Patrón: Meu queridiño Xesús Nazareno:/ funme de mozo e volvo de vello.

Dígolle aos forasteiros (eu cóntome como de eiquí): A romaría xa a viches,/ a foliada xa a fixeches;/ se non sabes o camiño/ volve por onde viñeches.

E agora, en “Mester de clerecía”, á maneira de Gonzalo de Berceo, dígovos:

Para o voso lecer, folga e divertimento  
este Pregón compuxen en romance galego,  
nel canteille a Valdeorras e mais ao Nazareno.  
Coido que valerá un vaso de Godello.

Setembro do 1981  
Florencio Manuel Delgado Gurriarán